



# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. 2019/2020**

**CEIP CAMPOMAIOR – ORDES**

**CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA.**

**MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS.**

**DATA: 07/05/2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------



## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 5	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------



1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Coñecer</b> e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial e os puntos principais do texto.	<b>Recoñecer</b> o esencial das mensaxes e instrucións do docente referidos á actividade habitual da aula. (CL)
<b>Recoñecer</b> un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos.	<b>Comprende</b> as preguntas do docente sobre os seus datos básicos, o seu corpo, obxectos, mascotas e animais, a súa familia e en xeral sobre os temas traballados na aula. (CL) (AA) (SC)
<b>Coñecer</b> e saber <b>aplicar</b> as estratexias máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial e os puntos principais do texto.	<b>Localiza</b> palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas ou nos libros de clase. (CL)
<b>Distinguir</b> a función ou funcións comunicativas principais do texto e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así coma os patróns discursivos básicos.	<b>Relaciona</b> correctamente palabras escritas coa imaxe correspondente. (CL)
<b>Coñecer</b> un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo e concretos a situacións cotiás e temas habituais e concretos.	<b>Utiliza</b> as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para iniciarse na lectura. (CL) (AA) (CD)
<b>Coñecer</b> e <b>aplicar</b> as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos	Copia palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente. (CL) (AA)

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva



## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>A través da observación sistemática e da análise das producións do alumnado. Os procedementos a seguir serán, de xeito global para todo o alumnado, reforzar o primeiro e segundo trimestre xa avaliados, e realizar a avaliación ou valoración dunha forma positiva para os nenos e as nenas, dada a diversidade do alumnado nesta situación, tendo presente as competencias, e valorando o traballo realizado de repaso, reforzo e tamén de ampliación do traballado mediante diversas tarefas e actividades, e resolvendo e axudando ó alumnado nas dificultades que poidan xurdir.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Mediante propostas de traballo individuais seleccionadas pola mestra. Traballando os exercicios dos libros de textos do método ,audios, fichas diversas de repaso de contidos e tarefas de apoio, reforzo, ampliación e extensión do método sobre o traballado ,(worksheets), festival, cut-out... e valoraranse algunhas das fichas ou traballos realizados enviados á mestra, e sempre de forma positiva.</p> <p>A avaliación inicial realizarase preferentemente na segunda quincena do mes de setembro.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grado de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como sobre as actividades de recuperación, repaso e reforzo das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie o alumnado e sendo a valoración positiva. Así, no comezo do curso 2020-2021, proporanse actividades de reforzo e ampliación das aprendizaxes, para valorar e recuperar os atrasos que se puidesen producir na súa aprendizaxe por esta situación.</p>



<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación).</b>	
<b>Actividades</b>	Repaso e reforzo e ampliación dos contidos traballados.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	A metodoloxía utilizada, dadas as circunstancias actuais, tivo que adaptarse e realizarse desde as nosas casas precisando a utilización das novas tecnoloxías para realizar os traballos, tarefas e actividades e a conectividade. As tarefas, actividades, fichas de repaso e notificacións son enviadas ás familias por correo electrónico, por Blinklearning, (Oxford), por Whatsapp, e por teléfono dada a diversidade das familias, e por eses medios envían de volta á mestra as tarefas realizadas, as mensaxes e as dúbidas que xurden. Todo o alumnado pode acceder aos traballos. Hai que dicir que non todas as familias teñen o mesmo ritmo de traballo e posibilidades dadas as circunstancias familiares, polo que é necesario adaptarse a iso, e ir enviando as tarefas pouco a pouco para evitarlles a presión e a sobrecarga de traballo.
<b>Materiais e recursos</b>	Libros de textos do curso, (Class Book, Activity Book, Skill Book), dixital en Blinklearning, actividades do Teacher's resources, worksheets, material escolar, contos, cancións, chants, CD audios, Internet, Youtube...

<b>3. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informamos mediante a plataforma AbalarMobil, a través da páxina web do centro, empregando a dirección de correo electrónico, por Whatsapp, por Blinklearning, e tamén mediante chamada telefónica de ser o caso.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.